



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación de piano complementario

Curso 2020-21



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA. Páxina 3
2. OBXECTIVOS. Páxina 6
3. CONTIDOS. Páxina 7
4. RECURSOS DIDÁCTICOS. Páxina 8
5. ENFOQUE METODOLÓXICO. Páxina 9
6. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO. Páxina 9
7. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR OS RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN. Páxina 10
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. Páxina 11

-CRITERIOS DE CUANTIFICACIÓN E CALIBRACIÓN DA CUALIFICACIÓN.

9. *PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. Páxina 11*
10. *MEDIDAS DE RECUPERACIÓN. Páxina 13*
11. *PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO. Páxina 13*
12. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA. Páxina 14
13. TEMAS TRANSVERSAIS: Páxina 14

-EDUCACIÓN EN VALORES

-TRATAMENTOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN TIC'S

14. ATENCIÓN A DIVERSIDADE. Paxina 15
15. A CLASE COLECTIVA. Paxina 16
16. ACTIVIDADES CULTURALS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS. Paxina 16
17. SECUENCIACIÓN DOS CURSOS. Páxina 17
18. PROBAS DE ACCESO. Paxina 32
19. MATRÍCULA DE HONRA. Paxina 34

ANEXO

Medidas pedagógicas encamiñadas a garantir o ensino e aprendizaxe desta materia en tempos de Covid-19. Páxina 35

1-INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA.

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental:

No Artigo 48, preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dadas no posterior decreto de 27 de setembro de 2007.

A finalidade do Grao Elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical, adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao Grao Profesional.

Grao Profesional:

A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada Ley Orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste **Departamento de Tecla** no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

A finalidade do **Grao Elemental** é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao Grao Profesional.

O **Grao Profesional** ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha Formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, Profesionalidade e preparatoria para estudos posteriores.

FINALIDADE DO PIANO COMPLEMENTARIO

Para calquera músico que non teña como primeiro obxectivo facer unha carreira de intérprete instrumental (para un compositor, director de orquestra ou coro, musicólogo,

cantante, docente, etc.), a práctica dun instrumento polifónico é un auxiliar valiosísimo, unha ferramenta de traballo de indubidable eficacia, xa que lle ofrecerá a posibilidade de penetrar no tecido dunha partitura polifónica máis o menos complexa, aprehendéndoa globalmente nas súas dimensións vertical e horizontal e converténdoa de inmediato en realidade sonora. Tamén para os intérpretes que cultiven instrumentos monódicos (como os de vento), ou dunha capacidade polifónica limitada (como os de arco), a aprendizaxe paralela dun instrumento polifónico, resulta ser un medio auxiliar de inestimable utilidade para o mellor coñecemento do repertorio específico do seu propio instrumento na práctica do apoio ou a colaboración máis o menos estreita dun instrumento polifónico.

Tamén a guitarra, instrumento cunhas posibilidades polifónicas sensiblemente limitadas, pódese beneficiar deste traballo simultáneo, nun instrumento que lle permita o acceso a uns horizontes polifónicos de maior amplitude.

Por último, e iso afecta a xeneralidade dos estudantes de música, o desenvolvemento da audición interna, verase favorecido e reforzado mediante a comprobación inmediata no piano, de como soa en realidade o que imaxinamos na nosa mente a partir da escritura.

O piano aparece como o instrumento idóneo para cubrir esta función polo a súa capacidade globalizadora. Sirve tamén como elemento integrador de todas as disciplinas.

É un instrumento que ofrece unha aprendizaxe fácil nos inicios, rapidez na emisión do son e axilidade sen máis límite que os que impoña a propia habilidade do executante.

O ensino do Piano Complementario, non se orientará tanto cara ao desenvolvemento dunha gran capacidade técnica como a potenciar outros aspectos xa sinalados antes, tales como percepción global da polifonía, audición interna, habilidade na lectura a primeira vista, (incluída unha posible simplificación rápida do escrito na partitura, etc.). Por suposto, convén ter moi en conta que a capacidade de realización ao teclado, estará sempre condicionada polo grao de dominio alcanzado na técnica do instrumento, pero é evidente que neste sentido, os niveis que se fixen, teñen que estar por debaixo dos que se lle esixen normalmente ao pianista, se non se quere interferir gravosamente no que para cada estudante supoña a finalidade principal do seu traballo. Desta maneira, poderá cumprir o piano unha desexable e conveniente función complementaria na educación de todo profesional da música.

XUSTIFICACIÓN

A quen vai dirixida:

A presente programación, está dirixida aos alumnos/as de 3º, 4º, 5º e 6º do Grao Profesional. Para acceder a este Grao non existen límites de idade, polo que estas, non teñen por que ser homoxéneas.

Para o 1º curso de Piano Complementario é preciso estar matriculado no 3º curso do Grao Profesional.

Pódense facer probas de acceso aos 4 cursos.

Os alumnos que superen o curso, pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

Correspondencia con outras ensinanzas:

A maioría dos alumnos, compatibilizan estes estudos con outros de reximen xeral. Nunha porcentaxe ampla, os alumnos dos primeiros cursos de Grao Profesional coinciden ca Educación Secundaria obrigatoria e os de 5º e 6º co Bacharelato.

RELACIÓNS INTERDISCIPLINARES

Instrumento e Canto

Permite que os alumnos sexan capaces de interpretar as partituras cos coñecementos técnicos propios da especialidade e dos teórico-prácticos estudados no Linguaxe Musical.

Harmonía

Desperta a capacidade creativa do alumno no relativo a composición e axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.

Análise

Senta as bases que permiten que o alumno entenda e consiga interpretar a música dende un punto de vista técnico e artístico, de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta.

Conxunto

Potencia a actividade de grupo ca participación dos alumnos de calquera especialidade instrumental, tendo a responsabilidade co seu traballo Individual do resultado do conxunto.

Cámara

Favorece o desenvolvemento da interpretación, baseada na codirección e estimula a capacidade para escoitar a outros instrumentos mentres se toca o propio.

Historia

Aporta os coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de como isto inflúe na estética musical.

Repentización e Acompañamento

Potencia a plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade para desenvolvelos e aplicalos, a través da improvisación, repentización, transposición e realización de cifrados.

Novas Tecnoloxías

Posibilita ao alumnado de un maior afondamento no proceso tecnolóxico vinculado a música, e tamén achegará ferramentas de gran produtividade, que poderá usar e ampliar ao longo da súa formación musical.

Orquestra/Banda

Permite que determinados instrumentos con dificultades de integración, teñan o marco oportuno para a práctica instrumental colectiva. A participación nas agrupacións, supón e garante a presenza activa dos alumnos nunha das actividades que implican maior proxección do Centro na sociedade.

Coro

Contribúe a que o alumnado se sinta partícipe dunha interpretación colectiva e a ter unha actitude de escoita e de adecuación da súa voz á dos compañeiros de rexistro por unha banda, e a suma de todo o conxunto por outra.

TEMPOS LECTIVOS POR CURSO

A asignatura de Piano Complementario ten un tempo lectivo semanal de 30 minutos nos catro cursos.

2-OBXECTIVOS DO GRAO PROFESIONAL

As ensinanzas profesionais de música, teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético, que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético, como fonte de formación e

enriquecemento persoal.

- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela, máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural, que permitan vivir a experiencia de transmitir o goce da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión, o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical, como parte integrante do patrimonio histórico cultural.
- h) Tomar consciencia da importancia dunha escoita activa, como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2-1.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O ensino do Piano Complementario no Grao Profesional, terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado, as capacidades seguintes:

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Adquirir un grao de destreza na execución, que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, enfrontándose ás dificultades dun certo nivel.
- Alcanzar, progresivamente, rapidez de reflexos na lectura a primeira vista.
- Ler con fluidez, partituras con plena comprensión das súas formulacións harmónicas, así como dos seus aspectos lineais ou contrapuntísticos.
- Adquirir unha certa habilidade na improvisación

3-CONTIDOS DO GRAO PROFESIONAL

Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, ligada a un principio de utilización do peso do brazo.

Planificación do traballo da técnica, tendo en conta os factores ca determinan.

Desenvolvemento da técnica dixital.

Principios de dicitación pianística

Práctica dos diversos modos de pulsación ou ataque posibles, en función da dinámica e o fraseo.

Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica.

Coñecemento dos pedais e das súas funcións. Práctica intensiva da lectura a primeira vista. Lectura harmónica (lectura de acordes, series de acordes enlazados, acordes despregados en toda a súa variedade de presentacións posibles (baixo de Alberti, acordes partidos, despregados de diversas maneiras, etc.), e lectura contrapuntística.

Estudo de obras do repertorio pianístico de dificultade progresiva, prestando especial atención a todo aquel material de traballo que contribúa á capacidade de aprender no teclado a escritura polifónica, posto que niso reside a utilidade esencial da disciplina.

4-RECURSOS DIDÁCTICOS-METODOLOXÍA

A ensinanza, impartirase dun xeito integrador, participativo e significativo, favorecendo que todos os recursos ao alcance do alumnado aporten o necesario para a súa formación, tendo en conta as particularidades e características de cada individuo así como o entorno, actividades e materiais didácticos, á disposición da comunidade educativa.

A programación será aberta e flexible, para que sexa posible adáptala ás características e necesidades de cada alumno.

Traballarase especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades e para que sexan capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Incentivarase o interese pola lectura, tanto da literatura musical como da literatura especializada sobre a materia, poñendo a súa disposición o material da Biblioteca e o equipo informático do Centro.

Inculcarase ó alumnado os valores universais de ríspeto e convivencia así como a coidar o material e as instalacións en beneficio de todos.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Molina E.Piano Complementario Vol. I-II-III-IV

Molina E.Improvisación Vol. I-II-III-IV

García Vegas.Piano Complementario Vol. I-II-III-IV

BastienEl Piano Vol. I-II-III-IV

Chokov-Gemiu.	Iniciación y Preparatorio
Bartok B.	Microkosmos
Bartok B.	For Childre´ns
Bach J.S.	Libro de Ana Magdalena
García Abril A.	Cadernos de Adriana
Kavalewski D.	Pezas Infantiles op. 27 y op.39
Köhler	Estudios op.151
Czerny C.	Estudios op.777,op.599
Burmüller	Estudios op.100
Bertini	Estudios op.100
Lemoine	Estudios op.32
Beethoven L.	Sonatinas
Mozart W.A.	Sonatinas y Minuetos
Faber.....	Piano Adventures for the older beginner

5-ENFOQUE METODOLÓXICO

A base metodolóxica dos ensinos artísticos instrumentais, é a do método individualizado: as estratexias pedagóxicas deben ser flexibles e estruturadas de forma independente para cada alumno, de acordo coas súas características físicas, psíquicas, artísticas etc. Se os obxectivos e contido básicos son comúns, os métodos para alcanzalos deben ser deseñados en función dá a individualidade de cada alumno, e modificados de forma permanente para tentar desenvolver o potencial de cada alumno no seu máis alto grao, desde un punto de vista instrumental, creativo e artístico.

6-PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

As reunións do departamento de tecla son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.



Comentásense regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

7-DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN.

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación, miden o grao de consecución dos obxectivos.

Na programación de cada curso figuran os criterios a seguir por trimestres

para a súa consulta.

Criterios de cuantificación e calibración da cualificación:

Os resultados e o grao de consecución dos obxectivos, cuantifícaranse de acordo cos seguintes criterios:

Criterios técnicos e estéticos:

1. Desenvolvemento de destrezas Instrumentais (Postura, coordinación de mans e pés, desenvolvemento dunha correcta posición dos dedos que permita unha capacidade para afrontar os aspectos polifónicos do instrumento a un nivel sinxelo, etc.) e repertorio (interpretación adecuada a nivel, con respecto ás indicacións da partitura e criterios estilísticos) **60%**
2. Desenvolvemento de destrezas teóricas (lectura a vista, comprensión da tonalidade e armonía, etc.) **30%**

Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento... **10%**

Para ter opción a facer media, e polo tanto aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

9-PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial:

Infórmanos das capacidades do alumno có que imos traballar.

Avaliación procesual:

Permite observar e valorar os cambios que se producen na aprendizaxe, detectar as posibles dificultades e poñerlles remedio.

Avaliación final

Realízase ao final de curso para fixar os obxectivos acadados.

9-1.PROCEDIMENTOS ORDINARIOS

A avaliación no grao profesional levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo.

O profesorado avaliará a aprendizaxe dos alumnos ao longo do curso.

A avaliación é continua e baséase na observación sistemática e semanal. Por outra banda valorarase a participación dos alumnos nas actividades como: Audicións, asistencia a Cursos, etc.

9-2.PROCEDEMENTOS ALTERNATIVOS

No caso de **perdida do dereito á avaliación continua**, procederase á realización dunha única proba ó final do curso, establecida polo profesor, baseada na totalidade dos contidos especificados na programación para dito curso. Avaliarase dita proba, seguindo os **criterios da avaliación** especificados na programación do curso correspondente, e os criterios de **cuantificación e calibración** serán os expostos no punto n.º 8 desta programación didáctica.

Sen prexuízo do anterior, o profesor ofrecerá a aquel alumno que perdera o dereito a avaliación continua a posibilidade de se presentar ó final do trimestre en curso a recupera-la materia perdida, co obxectivo de poderse reincorporar á avaliación continua, é dicir, poder volver a asistir ás clases regulares semanais no que reste de curso.

FASES DE AVALIACIÓN

En función da súa distribución distinguiremos:

- Avaliación inicial: Esta realizarase ao principio de cada proceso de aprendizaxe, e servirá para saber de onde partimos.
- Avaliación procesual: Realizarase no transcurso do proceso de aprendizaxe, e permitirá facer os axustes necesarios durante o proceso educativo de aprendizaxe, para a consecución dos obxectivos.
- Avaliación final: Valorará a aprendizaxe acadado ao longo do curso achegando

os datos aportados polas avaliacións inicial e procesual.

10-MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que non aproben a 3ª avaliación, terán que presentarse ás probas extraordinarias de setembro.

11-PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

O alumnado que non consiga acadar unha cualificación mínima dun 5 no mes de xuño, poderá recuperar a asignatura na convocatoria extraordinaria de setembro.

Realizará a proba ante o seu profesor.

En dita proba, deberá amosar que superou os obxectivos. e contidos mínimos esixidos **nas tres avaliacións** do curso que ten que recuperar, presentando o exame todo o repertorio e exercicios propostos na programación.

Estes obxectivos. e contidos, atópanse na programación do curso correspondente para a súa consulta.

Para estas probas teranse en conta os seguintes:

Criterios de avaliación

- As obras interpretaranse tendo en conta as indicacións dinámicas, articulacións, fraseo, compás, pedal, tempo, carácter, control da memoria, seguridade técnica e estilo.
- Na lectura a primeira vista, valorarase a continuidade e a fluidez.
- Na improvisación, valorarase a coherencia musical entre melodía e acompañamento.

Os resultados cuantificaranse de acordo cos seguintes criterios:

Criterios técnicos e estéticos:

1. Desenvolvemento de **destrezas Instrumentais** (Postura, coordinación de mans e pés, desenvolvemento dunha correcta posición dos dedos que permita unha capacidade para afrontar os aspectos polifónicos do instrumento a un nivel sinxelo, etc.) **e repertorio 60%**

2. Desenvolvemento de destrezas teóricas (lectura a vista, comprensión da tonalidade e armonía, etc.) **30%**

Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento... **10%**

12-CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte, ao alumno que logo da orientación do profesorado así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno, xustifique conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

13-Temas Transversais

Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva

de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno. O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

14-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio, habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo, pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais, poden ser: Por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de lecer, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención a diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade, é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumnado ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor/a, poderá plantexar as seguintes estratexias:

Adaptación do material didáctico

Que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas, que respondan os diferentes graos de aprendizaxe

Variacións da metodoloxía

Para adaptala ás necesidades de cada alumno.

Propoñer actividades de traballo diferenciadas

Ó profesor/a fará unha análise dos contidos da materia, e preparará actividades con distinto nivel de dificultade, que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.

Organizar o traballo de forma flexible

Con ritmos distintos de aprendizaxe.

Acelerar o frear o ritmo de introdución de novos contidos

Adaptándose ao alumnado individualmente.

Adaptación dos obxectivos. e contidos.

A adaptación dos obxectivos. e por tanto dos contidos, terán que respectar os fixados na programación para o curso.

15-A CLASE COLECTIVA

A asignatura de Piano Complementario ten un tempo lectivo semanal de 30 minutos de clase individual nos catro cursos.

Sempre que sexa posible facer coincidir os horarios, o profesor poderá reunir a dous a máis alumnos para practicar pezas a 4 mans ou ben tocar acompañando a outro instrumento

16-PROPOSTA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

Tendo en conta as características da materia de piano complementario, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de tecla non considera conveniente a realización de ningún tipo de actividade para a promoción do piano complementario. Con todo, fomentárase que os alumnos de piano complementario asistan ás audicións dos alumnos de piano, así como participen de forma excepcional nalgunha das audicións ou dos concertos das semanas musicais.

17-SECUENCIACIÓN DOS CURSOS

PRIMEIRO CURSO (3º curso de Grao Profesional)

Obxectivos

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Adquirir unha correcta posición ante o piano.
- Coñecer os principios básicos da técnica pianística.
- Iniciarse na práctica da lectura a primeira vista.
- Desenvolver hábitos de estudo
- Tocar pezas sinxelas.

Contidos:

- Exercicios enfocados a desenvolver a relaxación e posturas axeitadas á execución ao piano.
- Diferenciación entre dinámicas básicas (forte e piano).
- Introducción ó dixitado.
- Familiarizarse e practicar a lectura das dúas claves.
- Práctica de exercicios ou melodías sinxelas por movemento contrario, nota contra nota, ó unísono, e por movemento paralelo.
- Práctica de estruturas con valores rítmicos diversos entre as dúas mans, e sempre dúas voces (dúas, tres e catro notas contra unha nota)
- Traballo
- Inicio ao uso do pedal de resonancia.
- Análise das partituras que se están traballando. Concepto de estrutura harmónica. Cadencia perfecta e semicadencia na dominante. Progresiva introducción de dúas notas simultáneas no acompañamento (fa-sol simbolizando V7, e mi-sol do-sol simbolizando I).
- Introducción ao acompañamento armónico, mediante estruturas moi sinxelas tipo execución arpejiada de triadas en negras en 3/4
- Interpretación de obras sinxelas de pouca extensión.
- Coñecemento e emprego do vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecemento do patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico

e cultural.

- Concienciación duna escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomento da utilización do patrimonio musical en xeral, e do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.
- Interpretación de obras sinxelas.

Criterios de avaliación

Procedementos ordinarios:

- Ler fragmentos ou obras a primeira vista conforme os contidos seguidos no curso, con certo grao de autonomía.
- Amosar nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, que permita verificar a capacidade dos alumnos, de aplicar as indicacións do profesor.
- Interpretar obras de progresiva dificultade, con dominio dos aspectos técnicos traballados no curso.
- Chegar a través do análise á estrutura formal duna partitura para piano, segundo os contidos traballados no curso.
- Realizar estruturas harmónicas conforme aos contidos traballados no curso.
- Valorarase a actitude positiva na clase, o interese por adquirir os coñecementos esixidos no curso e o traballo semanal por parte dos alumnos.

Mínimos esixibles na 1º avaliación

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento
- Sentarse e colocar as mans ao piano cunha posición correcta.
- Aprender exercicios ou pezas sinxelas.
- Aplicar as dinámicas forte e piano
- Introducción á simultaneidade de dúas notas cunha man (esquerda preferiblemente) como paso previo á aprendizaxe de triadas. Fa-sol (V7), mi-sol e do-sol (I)
- Ler a primeira vista pezas sinxelas de 4 ata 8 compases en valores de redondas e brancas a dúas claves.
- Analizar harmonicamente as pezas estudadas.

Mínimos exigibles na 2ª avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª avaliación, os seguintes:

- Aprender pezas de pouca extensión e de dificultade progresiva ca dixitación, articulacións e dinámicas ben empregadas.
- Realizar estruturas de 4 compases.
- Coñecer as funcións de tónica e dominante, e executalas en versión abreviada de dúas notas.
- Ler a primeira vista pezas sinxelas en valores de redondas, brancas e negras a dúas claves.
- Analizar o repertorio traballado.
- Familiarizarse con patróns de acompañamento, en esquemas rítmicos sinxelos.

Mínimos esixibles na 3ª avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª e 2ª avaliación, os seguintes:

- Aprender pezas sinxelas de pouca extensión e de dificultade progresiva.
- Valoralase a capacidade de interpretar unha destas pezas , coa plasticidade e destreza adecuadas ao nivel.
- Realizar estruturas de ata 8 compases.
- Ser quen de improvisar a armonización de melodías monotonais, non modulantes sinxelas, escollendo entre as versións simplificadas de V7 e I, segundo o caso.
- Ler a primeira vista pezas sinxelas en valores de redondas, brancas e negras e que conteñan sínkopas e contratempos.
- Analizar o repertorio estudado.
- Improvisar unha melodía sobre un acompañamento dado e en posición de cinco dedos.

Procedementos Alternativos:

Perda da Avaliación Contínua

Establécese que con catro faltas sen xustificar ó alumno perde o dereito á avaliación contínua, mais non o dereito a asistir ás clases. O profesor establecerá unha proba que valore a consecución dos obxectivos e contidos esixidos no curso. Esta proba, convocarase

na hora e día asignadas para a clase a fin de verificar a consecución dos obxectivos mínimos esixidos nas tres avaliacións.

Sen prexuízo do anterior, o profesor ofrecerá a aquel alumno que perdera o dereito a avaliación continua a posibilidade de se presentar ó final do trimestre en curso a recupera-la materia perdida, co obxectivo de poderse reincorporar á avaliación continua, é dicir, poder volver a asistir ás clases regulares semanais no que reste de curso.

Metodoloxía

A ensinanza, impartirase dun xeito integrador, participativo e significativo, favorecendo que todos os recursos ao alcance do alumno aporten o necesario para a súa formación, tendo en conta as particularidades e características de cada individuo, así como o entorno, actividades e materiais didácticos á disposición da comunidade educativa.

Recursos Didácticos

Faber.....Piano adventures for the adult beginner

Bastien.....El piano 1º vol.

E.Molina.....Piano Complementario iº vol.

C.Czerny.....Estudos op. 599

B.Bartok.....Mikrocosmos 1º vol. (agás os 5 primeiros)

L.GarcíaPiano Complementario 1º vol.

E.Molina.....Improvisación

A.García Abril....Cuadernos de Adriana

Ou outros similares que se adecúen á consecución dos obxectivos sinalados no programa.

SEGUNDO CURSO (4º curso de Grao Profesional)

Obxectivos:

- Ampliar e afianzar os contidos do primeiro curso.
- Ampliar o coñecemento do instrumento e do seu manexo.
- Ampliar as dinámicas e fraseo do curso primeiro. Introducción ás articulacións.

- Introducción progresiva de figuración melódica (corcheas), notas de paso, floreos, apoyaturas...
- Afondar na práctica da lectura a primeira vista.
- Exercitarse na práctica e a execución de acordes triadas e inversións.
- Desenvolver autonomía no traballo persoal.
- Ampliar os coñecementos harmónicos e analíticos.
- Interpretar pequenas pezas de diferentes estilos.

Contidos:

- Continuación dos hábitos de postura e relaxación do primeiro curso.
- Ampliación dos seguintes puntos:
- Dinámicas básicas: mf, mp, ff, PP, sfz, reguladores, dim.e cresc.
- Fraseo: Ligaduras de acento e definición das frases no discurso musical.
- Dixitación: ampliando o ámbito en ambas mans ata unha oitava;paso do pulgar.
- Lectura a primeira vista: A dúas claves en tonalidades de ata dúas alteracións.
- Acordes:Graos I-V7-IV-II,cos seus enlaces harmónicos e as súas inversións, en tonalidades de ata dúas alteracións.
- Emprego do uso do pedal aplicado a exercicios sinxelos. (acordes extendidos, sonoridades hexatonales...)
- Concienciación da importancia do traballo persoal cunha certa autonomía.
- Práctica de improvisación melódica sobre un acompañamento dado utilizando notas de paso e floreos. Improvisación do patrón de acompañamento a unha melodía dada.
- Dominante da dominante.
- Recoñecemento de estruturas formais binarias A-B.
- Interpretación de obras de diferentes estilos.

Criterios de avaliación

Procedementos ordinarios:

- Ler fragmentos ou obras a primeira vista conforme os contidos seguidos no curso,con certo grao de autonomía.
- Amosar nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, que permita verificar a capacidade dos alumnos,de aplicar as indicacións do profesor.



- Interpretar obras de progresiva dificultade, con dominio dos aspectos técnicos traballados no curso.
- Chegar a través do análise á estrutura formal dunha partitura para piano, segundo os contidos traballados no curso.
- Realizar estruturas harmónicas conforme ós contidos traballados no curso.
- Valorarase a actitude positiva na clase, o interese por adquirir os coñecementos esixidos no curso.

Mínimos esixibles na 1ª avaliación

- Tocar o piano cunha posición correcta.
- Aprender obras sinxelas de diferentes estilos coa dicitación ben empregada
- Aplicar as dinámicas forte, piano, mf, mp, PP, sfz.
- Aplicar ligaduras de acento.
- Tocar diversos acordes de tríada, maiores e menores, e as súas inversións.
- Ler a primeira vista obras sinxelas.
- Improvisar un acompañamento sobre unha melodía dada (acordes repetidos, ou en disposición arpejiada).
- Analizar harmonicamente as obras estudadas.

Mínimos esixibles na 2ª avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª avaliación, os seguintes:

- Aprender pezas curtas de diferentes estilos e de dificultade progresiva ca dicitación e dinámicas ben empregadas.
- Aplicar os reguladores dim., cresc.



- Acordes: Graos I-V₇-IV-II, cos seus enlaces harmónicos e as súas inversións, cas dúas mans.
- Percorrer o xesto V-I seguindo o círculo de quintas.
- Introducción a cuarta e sexta cadencial e alteración do cuarto grado (V de V).
- Empregar o pedal en exercicios sinxelos.
- Realizar estruturas de 4,6 e 8 compases.
- Ler a primeira vista obras de dificultade crecente.
- Improvisar unha melodía, non modulante, a un acompañamento dado.
- Analizar harmónica e formalmente as obras estudadas.

Mínimos esixibles na 3ª avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª e 2ª avaliación, os seguintes:

- Aprender obras sinxelas de diferentes estilos coa dixitación e as dinámicas correctas.
- Valorarase conseguir Interpretar unha destas pezas de memoria.
- Aplicar o uso do pedal a unha destas obras.
- Aplicar as ligaduras de acento e definición das frases no discurso musical.
- Afondar na lectura a primeira vista.
- Practicar a improvisación melódica utilizando notas de paso, apoyaturas floreos.
- Recoñecer estruturas formais binarias A-B.

Procedementos Alternativos:

Perda da Avaliación Contínua

Establécese que con catro faltas sen xustificar ó alumno perde o dereito á avaliación contínua, mais non o dereito a asistir ás clases. O profesor establecerá unha proba que valore a consecución dos obxectivos e contidos esixidos no curso. Esta proba, convocarase

na hora e día asignadas para a clase a fin de verificar a consecución dos obxectivos mínimos esixidos nas tres avaliacións.

Sen prexuízo do anterior, o profesor ofrecerá a aquel alumno que perdera o dereito a avaliación continua a posibilidade de se presentar ó final do trimestre en curso a recupera-la materia perdida, co obxectivo de poderse reincorporar á avaliación continua, é dicir, poder volver a asistir ás clases regulares semanais no que reste de curso.

Metodoloxía

A ensinanza, impartirase dun xeito integrador, participativo e significativo, favorecendo que todos os recursos ao alcance do alumno/a aporten o necesario para a súa formación, tendo en conta as particularidades e características de cada individuo, así como o entorno, actividades e materiais didácticos á disposición da comunidade educativa.

Recursos Didácticos

Bastien.....El piano 2º vol.
E.Molina.....Piano Complementario 2º vol.
C.Czerny.....Estudos op. 599
B.Bartok.....Microcosmos 2º vol.
L. GarcíaPiano Complementario 2º vol.
E. Molina.....Improvisación
A.García Abril....Cuadernos de Adriana
Estudos.....Burgmüller op.100
Faber.....Adult Piano Adventures, 2

Ou outros similares que se adecúen á consecución dos obxectivos sinalados no programa.

TERCEIRO CURSO (5º curso de Grao Profesional)

Obxectivos:

- Ampliar e afianzar os contidos adquiridos nos cursos anteriores.
- Ampliar os recursos técnicos e o ámbito no teclado.
- Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista.



- Practicar acordes (todos os graos)
- Familiarizarse coas progresións harmónicas máis comúns da música tonal e exercitarse nelas.
- Conseguir maior autonomía no traballo persoal.
- Practicar as progresións harmónicas máis habituais na música tonal.
- Analizar harmónica e formalmente as obras.
- Interpretar obras de diferentes estilos.

Contidos:

- Consolidación dos coñecementos técnicos adquirindo independencia entrámbalas mans.
- Traballo da lectura a primeira vista en tonalidades variadas.
- Familiarizarse con melodías e cadencias baseadas en diversos tipos de escalas.
- Utilización do uso do pedal de resonancia en obras sinxelas; iniciación ó uso do pedal “unha corda”.
- Práctica de acordes: Todos os graos nas tres posicións en tonalidades diversas.
- Práctica de progresións harmónicas comúns, baseadas nas funcións tonais dos acordes aprendidos.
- Realización de estruturas de 8 compases e lonxitude crecente.
- Análise formal das obras co recoñecemento das estruturas e das cadencias.
- dominantes secundarias.
- Recoñecemento de estruturas ternarias A-B-A.
- Interpretación de obras de diferentes estilos.

Criterios de avaliación

Procedementos ordinarios:

- Ler fragmentos ou obras a primeira vista conforme os contidos seguidos no curso, con certo grao de autonomía.
- Amosar nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, que permita

verificar a capacidade dos alumnos, de aplicar as indicacións do profesor.

- Interpretar obras de progresiva dificultade, con dominio dos aspectos técnicos e artísticos (estéticos) traballados no curso.
- Chegar a través do análise á estrutura formal dunha partitura para piano, segundo os contidos traballados no curso.
- Realizar progresións harmónicas conforme ós contidos traballados no curso.
- Valorarase a actitude positiva na clase, o interese por adquirir os coñecementos esixidos no curso e o traballo semanal por parte dos alumnos.

Mínimos esixibles na 1ª avaliación

- Tocar o piano cunha posición correcta e relaxada afondando na Técnica.
- Traballar pezas de estilos diversos, con respecto ás indicacións da partitura, amosando un control dinámico e do tempo aceptables a este nivel.
- Ler a primeira vista e cunha certa soltura, partituras en diversas tonalidades e/ou modos.
- Improvisar na melodía sobre unha estrutura harmónica dada, con coherencia no discurso.
- Interpretar unha obra proposta polo profesor, previa análise harmónico e formal.

Mínimos esixibles na 2ª a avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª avaliación, os seguintes:

- Improvisar no patrón de acompañamento en tonalidades maiores e menores.
- Utilizar na improvisación acordes despregados nas tres posicións, coa man dereita.
- Aprender obras de diferentes estilos previa análise harmónico y formal.
- Interpretar pezas de maior envergadura.
- Ler a primeira vista, pezas de envergadura axeitada ó nivel, con maior dominio e sempre con una postura adecuada e dixitación coherente.

Mínimos esixibles na 3ª avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª e 2ª avaliación, os seguintes:

- Improvisar acompañamentos baseados en fórmulas sinxelas traballadas.
- Aprender tres obras de diferentes estilos previa análise harmónico e formal das mesmas.
- Interpretar unha das obras estudadas, coa corrección técnica e respecto ó etilo.

Procedementos Alternativos:

Perda da Avaliación Continua

Establécese que con catro faltas sen xustificar ó alumno perde o dereito á avaliación continua, mais non o dereito a asistir ás clases. O profesor establecerá unha proba que valore a consecución dos obxectivos e contidos esixidos no curso. Esta proba, convocarase na hora e día asignadas para a clase a fin de verificar a consecución dos obxectivos mínimos esixidos nas tres avaliacións.

Sen prexuízo do anterior, o profesor ofrecerá a aquel alumno que perdera o dereito a avaliación continua a posibilidade de se presentar ó final do trimestre en curso a recupera-la materia perdida, co obxectivo de poderse reincorporar á avaliación continua, é dicir, poder volver a asistir ás clases regulares semanais no que reste de curso.

Metodoloxía

A ensinanza, impartirase dun xeito integrador, participativo e significativo, favorecendo que todos os recursos ao alcance do alumno/a aporten o necesario para a súa formación, tendo en conta as particularidades e características de cada individuo, así como o entorno, actividades e materiais didácticos á disposición da comunidade educativa.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Molina E.....Piano Complementario Vol.III

Molina E.....Improvisación Vol III

García Vegas L.....Piano Complementario Vol.III

Lemoine.....Estudios op.100

Bertini.....Estudios op.100

Bartok B.....For Children´s

Clementi M.....Sonatinas

Beethoven L.W. Sonatinas



Diabelli A.....Sonatinas a catro mans

Faber.....Accelerated piano for the older beginner.

Ou outros similares que se adecúen á consecución dos obxectivos sinalados no programa.

CUARTO CURSO (6º curso de Grao Profesional)

Obxectivos:

- Ampliar e afianzar os contidos adquiridos nos cursos derradeiros.
- Iniciarse nos principios básicos da realización do baixo cifrado.
- Coñecer diversos acordes alterados, coma a sexta napolitana, mixtura tonal do acorde do sexto grao, e a sexta aumentada, así coma o seu lugar e función nas progresións harmónicas máis frecuentes.
- Conseguir autonomía no traballo persoal.
- Aprender obras de maior dificultade que nos cursos anteriores.
- Chegar a través da análise á comprensión global da partitura.
- Adquirir soltura no uso dos pedais.
- Iniciarse na lectura ó piano de partituras non propiamente pianísticas (Corais de Bach, fragmentos de cuartetos...)
- Interpretar obras de diferentes estilos con dominio dos aspectos técnicos adquiridos.

Contidos:

- Traballo na formación dos acordes cuatriadas sobre calquera nota da escala e o seu coñecemento nos distintos cifrados. Coñecemento da preparación/resolución das sétimas (introducción ós retardos).
- Dominio dos aspectos técnicos adquiridos, e capacidade para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Capacidade para aplicar no estudo unha autonomía de traballo que lle permita a valoración do seu rendemento.
- Afondamento da práctica da destreza lectora en obras de maior dificultade .
- Recoñecemento a través da análise da estrutura formal duna partitura.
- Perfeccionamento do uso dos pedais de resonancia e unha corda.

- Interpretar con solvencia pezas axeitadas a nivel.
- Traballo da redución de partituras sinxelas.

Criterios de avaliación

Procedementos ordinarios:

- Ler fragmentos ou obras a primeira vista conforme os contidos seguidos no curso con certo grao de autonomía.
- Amosar nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, que permita verificar a capacidade dos alumnos, de aplicar as indicacións do profesor.
- Aprender obras de progresiva dificultade, con dominio dos aspectos técnicos e estéticos traballados no curso.
- Chegar a través do análise á estrutura formal dunha partitura para piano, segundo os contidos traballados no curso.
- Realizar progresións harmónicas conforme ós contidos traballados no curso.
- Valorarase a actitude positiva na clase, o interese por adquirir os coñecementos esixidos no curso e o traballo semanal por parte dos alumnos.

Mínimos esixibles na 1ª avaliación

- Traballar a formación dos enlaces cuatríadas sobre calquera nota da escala e o seu coñecemento nos distintos cifrados.
- Coñecemento da disonancia de sétima, e o seu tratamento.
- Introducción ó uso de retardos.
- Dominar os aspectos técnicos adquiridos, e capacidade para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Iniciar o traballo da redución harmónica de partituras sinxelas.
- Estudiar obras de diferentes estilos previa análise das mesmas.
- Interpretación, coa debida corrección, dunha destas obras.

Mínimos esixibles na 2ª avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª avaliación, os seguintes:

- Continuar o traballo da redución harmónica de partituras sinxelas.
- Estudio de pezas de diferentes estilos previa análise das mesmas e utilizando os pedais nas que así o requiran.
- Práctica de progresións harmónicas que inclúan acordes de mixtura do sexto grao, e sexta napolitana.

Mínimos esixibles na 3ª avaliación

Ademais dos esixidos na 1ª e 2ª avaliación, os seguintes:

- Identificación do acorde de sexta aumentada, e practica no contexto dunha progresión harmónica.
- Continuar co estudo das pezas asignadas polo profesor.
- Reducción dunha peza corta non pianística (un coral de Bach, etc...).
- Utilizar os pedais nas obras que así o requiran.
- Interpretar unha das obras aprendida ó longo do curso coa debida seguridade técnica e plasticidade expresiva.

Procedementos Alternativos:

Perda da Avaliación Continua

Establécese que con catro faltas sen xustificar ó alumno perde o dereito á avaliación continua, mais non o dereito a asistir ás clases. O profesor establecerá unha proba que valore a consecución dos obxectivos e contidos esixidos no curso. Esta proba, convocarase na hora e día asignadas para a clase a fin de verificar a consecución dos obxectivos mínimos esixidos nas tres avaliacións.

Sen prexuízo do anterior, o profesor ofrecerá a aquel alumno que perdera o dereito a avaliación continua a posibilidade de se presentar ó final do trimestre en curso a recupera-la materia perdida, co obxectivo de poderse reincorporar á avaliación continua, é dicir, poder volver a asistir ás clases regulares semanais no que reste de curso.

Metodoloxía

A ensinanza, impartirase dun xeito integrador, participativo e significativo, favorecendo que todos os recursos ao alcance do alumno/a aporten o necesario para a súa formación, tendo en conta as particularidades e características de cada individuo, así como o entorno, actividades e materiais didácticos á disposición da comunidade educativa.

Recursos Didácticos

Molina E.....Piano Complementario Vol.IV

Molina E.....Improvisación vol.IV

Garcia Vegas L.....Piano Complementario vol.IV

Bartok B.....Microkosmos cadernos III

Schumann..... Álbum Opus 68

Lemoine.....Estudios op.100

Mozart W.A.....Sonatinas

Bach J.S.....Corales

Beethoven L.W.....Sonatinas

Clementi M.....Sonatinas

Diabelli A.....Sonatinas a catro mans

Faber.....Adult piano student

Persichetti.....Children's album

Ou outros que se adecúen á consecución dos obxectivos. sinalados no programa.

18-PROBAS DE ACCESO

Acceso a 2º curso- (4º curso de Grao Profesional)

Esta proba consta de tres partes:

- 1) Interpretación.
- 2) Lectura a primeira vista.
- 3) Improvisación.

- Interpretación ao piano dunha obra de libre elección de dificultades similares ás que se atopan nos Recursos Didácticos do primeiro curso da programación.
- Lectura a primeira vista dun exercicio entregado polo Tribunal. Terá un máximo de 8 compases en tonalidades de ata unha alteración e incluírá os graos I-IV-V7.
- Improvisación dunha melodía, sobre o mesmo exercicio no que se realizou a lectura a primeira vista.

Para as probas 2 e 3, o alumno dispoñerá de 10 minutos para a súa realización antes de tocala ao piano.

Criterios de avaliación

- A obra de libre elección interpretarase tendo en conta as indicacións dinámicas, articulacións, fraseo, compás e tempo.
- Na lectura a primeira vista, valorarase a continuidade e a fluidez.
- Na improvisación, valorarase a coherencia musical entre melodía e acompañamento.

Acceso a 3ª curso- (5ª curso de Grao Profesional)

Esta proba consta de tres partes:

- 1) Interpretación.
- 2) Lectura a primeira vista.
- 3) Improvisación.
 - Interpretación ao piano dunha obra de libre elección de dificultades similares ás que se atopan nos Recursos Didácticos do segundo curso da programación.
 - Lectura a primeira vista dun exercicio entregado polo Tribunal. Terá un máximo de 12 compases en tonalidades de ata dúas alteracións e incluírá os graos I-V7-IV-II.
 - Improvisación sobre o mesmo exercicio no que se realizou a lectura a primeira vista, cambiando a melodía ou o patrón de acompañamento, segundo o determine o Tribunal.

Para as probas 2 e 3, o alumno dispoñerá de 10 minutos para a súa realización antes de tocalo ó piano.

Criterios de avaliación

- A obra de libre elección interpretarase tendo en conta as indicacións dinámicas,



articulacións, frase, compás e tempo.

- Na lectura a primeira vista, valorarase a continuidade e a fluidez.
- Na improvisación, valorarase a coherencia musical entre melodía e acompañamento

Acceso a 4º curso- (6º curso de Grao Profesional)

Esta proba consta de tres partes:

- 1) Interpretación.
 - 2) Lectura a primeira vista.
 - 3) Improvisación.
- Interpretación ao piano dunha obra de libre elección de dificultades similares ás que se atopan nos Recursos Didácticos do terceiro curso da programación.
 - Lectura a primeira vista dun exercicio entregado polo Tribunal. Terá un máximo de 16 compases en tonalidades de ata tres alteracións e incluírá os graos I-II-IV-V₇-II.
 - Improvisación sobre o mesmo exercicio no que se realizou a lectura a primeira vista ,cambiando a melodía ou o patrón de acompañamento. segundo o determine o Tribunal.

Para as probas 2 e 3, o alumno dispoñerá de 10 minutos para a súa realización, antes de tocar o piano.

Criterios de avaliación

- A obra de libre elección interpretarase tendo en conta as indicacións dinámicas, articulacións, fraseo, compás e tempo.
- Na lectura a primeira vista, valorarase a continuidade e a fluidez.
- Na improvisación, valorarase a coherencia musical entre melodía e acompañamento.

19-MATRÍCULA DE HONRA

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo do Grao Profesional das ensinanzas de réxime especial de música na súa disposición cuarta, establecen a cualificación extraordinaria de Matrícula de Honra ao alumnado con mellor expediente académico, e dispoñen que A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para a súa obtención.

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento para a obtención de Matrícula de Honra nas ensinanzas profesionais de música que se imparten nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Destinatarios/as.

A Matrícula de Honra concederáse ao alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música que acade a cualificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro, ou polo Decreto 204/2007, do 11 de outubro.

Artigo 3º.-Concesión.

- a) O número de Matrículas de Honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As Matrículas de Honra serán propostas polo departamento didáctico responsable da materia, por instancia do profesor o profesora que a imparta.
- c) As propostas do departamento elevaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que redactará a acta dos acordos tomados e da concesión das Matrículas de Honra.
- d) Darase traslado da acta ao secretario ou secretaria do centro para que engada os resultados nos expedientes académicos correspondentes do alumnado.
- e) A concesión da Matrícula de Honra consignarase nos documentos de avaliación destas ensinanzas coa expresión Matrícula de Honra a continuación da cualificación numérica obtida.

ANEXO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA E ADAPTACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO 2020/2021 DEBIDA Á SITUACIÓN DE PANDEMIA POR CAUSA DO COVID-19

Como é sabido por todos, cara ó fin da primeira quincena de Marzo de 2020 foi decretado o Estado de Alarma pola pandemia do Covid-19, o que levou ao peche dos centros

educativos, situación que se prolongou ata o final do curso.

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña viña de celebrar as xuntas de avaliación do segundo trimestre.

Se ben o ensino presencial fora suspendido, todo o profesorado de Piano Complementario continuou coas súas clases, mantendo contacto co alumnado por medio telemático. Ó mesmo tempo, as autoridades educativas ditaron instrucións para o peche do curso 2019-20, en canto a contidos a avaliar e pautas para facelo. As devanditas instrucións, instaban a realizar un labor de repaso e reforzo, antes que abordar novos contidos do terceiro trimestre.

No momento presente a situación de excepcionalidade por pandemia persiste.

Dende o departamento de Tecla do CMUS profesional da Coruña somos conscientes da incerteza que isto xera e vai xerar, tanto hoxe, coma no futuro inmediato, no seo da comunidade educativa, alumnos, familias e docentes.

Por todo o exposto, imos aplica-la necesaria flexibilidade á hora de seguir a programación de Piano Complementario, para posibilitar que o noso alumnado continúe a asimilar os contidos, nas mellores condicións posibles, baixo a situación que vivimos. O faremos baseándonos nas seguintes directrices:

1. METODOLOXÍA

1.1 Actividade lectiva presencial: Se seguirá con normalidade a programación para o curso 2020-21. Non obstante, se considerará, por razóns de seguridade sanitaria, a exclusión de actividades públicas tales coma audicións.

1.2 Actividade lectiva semipresencial: Se a situación sanitaria o aconsella, se compaxinará o ensino presencial e o telemático, a través das plataformas Skype,

Google Drive, Cisco Webex, Zoom, gravacións, Aula Virtual, FaceTime, WhatsApp e Dropbox.

As clases non presenciais se darán, preferiblemente, na media hora asignada a cada alumno para o curso. Asemade, se excluirán as actividades públicas, audicións, etc.

1.3 Actividade lectiva non presencial: Se a autoridade sanitaria o obrigase, o profesorado, levará a cabo, por medio telemático, o seu labor docente, utilizando as plataformas telemáticas Skype, Google Drive, Cisco Webex, Zoom, gravacións, Aula Virtual, FaceTime, WhatsApp e Dropbox. Usará o instrumento que sexa necesario para garantir o ensino. As clases non presenciais se darán, preferiblemente, na media hora asignada a cada alumno para o curso, e obviamente, non se celebrarán audicións, ou aqueloutras actividades públicas.

2. Adquisición de coñecementos e destrezas non traballadas no terceiro trimestre do curso 2019-20.

A asignatura de Piano Complementario ten un marcado carácter práctico, e, ademáis, supón un ensino moi individualizado, centrado nas cualidades, necesidades e características propias de cada alumno, quen ademáis procede de especialidades instrumentales moi diversas .

Na sesión dedicada á avaliación inicial, cada profesor detectará as carencias, de habelas, que aprecie en cada alumno por causa do ensino presencial perdido, adaptándose a cada un deles, segundo necesiten un reforzo en destrezas instrumentales (exercicios, escalas, arpexos, corrección da postura de mans, corpo, pedal), lectura a primeira vista, comprensión de procedementos tonales ou afondamento nalguna obra ou obras do curso pasado, se o profesor estimase oportuno que aportará os beneficios para a adquisición das destrezas obxecto do novo curso. Asemade, cada docente elaborará, de ser necesario, aqueloutras plans de reforzo para a adquisición de aprendizaxes imprescindibles pendentes tendo en

conta a situación particular de cada alumno, en consonancia co informe final, redactado ad hoc, de xuño de 2020.

3. AVALIACIÓN

Tanto o ensino se leve a cabo de forma presencial, semipresencial ou online, os mínimos esixibles, así como os procedementos e instrumentos para a avaliación, son os da programación vixente, expresados para cada curso. No referente ó terceiro trimestre do curso pasado, estes serán tidos en conta, ad hoc, segundo o profesor detectara tal necesidade, trala avaliación inicial de alumnos que o precisen.

Terase en conta a exclusión daqueles criterios e procedementos de avaliación da programación 2020-21 referidos ás actividades en público, de darse o caso de non poder realizalas.